

A PORTOS DE GALICIA

Praza de Europa, 5, A-6º 15707 Santiago de Compostela

José Benito Andrade González, co NIF.: 35256847D e enderezo a efectos de comunicación no Apartado 414, CP.: 36080 de Pontevedra (Tlf. +34636281252, benitoandradeg@gmail.com) como membro da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) de Pontevedra e en representación da mesma,

EXPÓN

Que, tendo coñecemento do sometemento á exposición pública do “ANTEPROXECTO E ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL PARA O PROXECTO DA DRAGAXE DA CANLE DE ACCESO AO PORTO DE PONTEVEDRA NO RÍO LÉREZ”, promovido polo ente público Portos de Galicia, desexa presentar, en tempo e forma, as seguintes

ALEGACIÓNS

1ª.- DE CARÁCTER XERAL E PRÉVIO. A situación da canle do Río Lérez, no que á acumulación de fangos e sedimentos se refire, é certamente preocupante, e máis se temos en conta a incidencia negativa que esta colmatación de materiais ten sobre os sectores produtivos e deportivos que desenvolven as súas actividades na Ría; neste sentido, a súa dragaxe parece xustificada “a priori”. En calquera caso, para poder abordar con seriedade e éxito este problema, é primordial coñecer previamente as causas que o provocan. De feito, e tal como se recoñece na Introducción do propio Estudo de Impacto Ambiental á exposición pública, **“o canal do Río Lérez ten sido obxecto de varios dragados, como consecuencia dos procesos de sedimentación que carrega a propia dinámica litoral. Por isto una vez que se efectúe a extracción de áridos prevista, volverase co tempo a situación batimétrica actual”**. Trátase, xa que logo, de planificar de forma integral a xestión ambiental e produtiva da Ría, definindo os seus usos e eliminando aquelas actividades que en nada contribúen nesta xestión e que, directa ou indirectamente, teñen unha responsabilidade na colmatación de sedimentos. Estamos a falar dos recheos ilegais realizados no Porto de Marín, da presenza do complexo industrial ENCE-ELNOSA e dos seus vertidos cunha elevada carga de materia orgánica e metais pesados, pero tamén dunha política forestal errada e baseada no monocultivo de eucaliptos que -entre outras cousas- favorece as continuas vagas de incendios forestais e a posterior erosión nas bacías que verten á Ría co correspondente aporte de sedimentos ao sistema. E neste proceso de xestión do que falamos, será fundamental a participación de todos os sectores implicados, tanto dos sectores produtivos como daqueles outros vinculados coa Ría. De non se cumprir estas premisas que vimos de citar de forma concisa, o proxecto de dragaxe da canle do Lérez estaría condenado ao fracaso por efémero.

2ª.- Lonxe de responder aos criterios avanzados na nosa primeira alegación, as obras de dragado descritas na parte xustificativa da documentación sometida a exposición pública,

semellan ser froito dunha actuación improvisada que ten por obxecto parchear problemas cunha orixe que non se entra a analizar con seriedade en ningún momento.

En efecto, o proxecto non se aborda desde a necesaria planificación integral dos recursos e do estado ambiental da Ría de Pontevedra, unha planificación que debiera contemplar que a conservación dos ecosistemas e dos diversos recursos que ofrece a Ría de Pontevedra esixe que os problemas que lle afectan sexan tratados dende un punto de vista sistémico, que teña en conta os principais factores de impacto que están a afectar á zona. Non se pode deixar de abordar e cuantificar a incidencia de factores que están a determinar unha distorsión das condicións do ambiente sedimentario e, entre eles -como xa adiantamos- os recheos ilegais que se realizaron no Porto de Marín que terían que ser retirados de acordo coa sentenza que neste sentido ditou o Tribunal Supremo no ano 2009. Debe abordarse tamén a entrada de sedimentos consecuencia dunha política forestal que favorece a erosión nas bacías que verten á ría e que, polo tanto, dispara os volumes dos mesmos que entran no sistema; dentro dun enfoque sistémico debe promoverse a conservación de solos que favorecerá unha diminución dos produtos de erosión. E faise necesario tamén, considerar os efectos que os vertidos do complexo industrial de ENCE-ELNOSA teñen neste particular, uns vertidos que deben eliminarse se o obxectivo é mellorar os niveles de depuración das augas residuais urbanas de cara a mellorar a calidade das augas da zona interna da ría.

E aínda que debemos destacar, por exemplar, o feito de que sectores interesados na xestión ambiental da Ría e no aproveitamento racional dos seus usos e produtos, como as confrarías do interior da Ría ou os clubs de náutica de recreo, conflúan coa administración e con outros sectores á hora de xestionar, planificar e compatibilizar usos, resulta evidente a falta de coordinación con outros actores importantes na toma de decisións neste particular; e estas ausencias mesmo poden levar a pensar que coas citadas obras preténdese tan só dar resposta ás demandas de certos sectores que, nin son os únicos afectados, nin teñen intereses comúns.

Todo indica que esta falta de planificación integral e de coordinación e consenso, van provocar que o proxecto -e as obras, de se levar adiante- remate por non dar satisfacción a ninguén.

3ª.- E semella ser consciente das principais limitacións do proxecto o propio equipo redactor, pois ao abordar o estudo dos impactos sobre a dinámica mariña (apartado 12.1.3 do Estudo de Impacto Ambiental) admite que as obras non serán máis que un parche efémero xa que os factores que determinaron a colmatación de sedimentos van seguir actuando e devolverán os mesmos á súa situación orixinal: “o tempo do impacto prevalecerá hasta que a xeomorfoloxía do fondo dragado se uniformice e as cotas batimétricas volvan recuperarse, polos aportes sedimentarios do río e das mareas”; “unha vez dragado, os aportes fluviais e a sedimentación tenderán co tempo a acumularse de novo no canal, o que levará a unha dinámica similar á existente”.

4ª.- Pero, abundando máis no carácter efémero dunha actuación como a proposta, convén lembrar -cousa que o equipo redactor semella descoñecer- que a evolución dos sistemas estuáricos, da orixe a unha serie de etapas progresivas dende o estado xuvenil ao de madurez. O recheo realízase dende o mar por aportes de areas, ou dende terra por areas ou fangos fluviais¹. En definitiva, o sistema estuárico de sedimentación do fondo da ría de Pontevedra constitúe por natureza un sistema progradante que tende a colmatar e avanzar cara ao seu interior, o que determina que a intervención que se pretende realizar e que carrega un impacto evidente resulta de inutilidade practica a curto prazo.

5ª.- O proxecto presentado a exposición pública, resulta impreciso e falto do máis mínimo rigor; en efecto, nin sequera deixa minimamente claros aspectos que resultan absolutamente esenciais

¹ Vilas, F. (1992) Estuarios y llanuras intermareales. En Arche, A. (coordinador) Sedimentología. Col. Nuevas tendencias. ED. CSIC. Madrid 1992.

para coñecer o alcance da actuación. Así, e polo que fai ao volume total de sedimentos que se pretende mobilizar, fálase de 330.000 m³, cifra que se ve amplamente superada (590.560 m³) se observamos os depósitos que se van efectuar no banco de Campelo (213.328 m³) e na zona de Tambo (377.232 m³). E, evidentemente, nese caso, tanto os efectos ambientais como o impacto sobre os bancos terán dimensións significativamente superiores ás apuntadas no documento. Pero é que, ademais, non aporta criterio ningún que permita determinar en que se baseará a cuantificación do volume de sedimentos a depositar, indicándose de forma enigmática e abstracta que “dependerá das características dos sedimentos que se atopen”, e abrindo a porta a posibles incrementos -non se sabe en que medida- “no caso de que o seguimento ambiental durante a execución dos traballos demostre que segue sendo compatible coa consecución dos obxectivos ambientais”, sen establecer sequera ate onde chega esta compatibilidade.

E a mesma imprecisión e falta de rigor se manifesta na caracterización global dos sedimentos; abonda con dicir que nun parágrafo fala de **109.000 m³ de areas medias, áreas grosas, areas moi grosas, cantos e gravas**, que pasan a ser logo **109.000 m³ de areas grosas**. E sorprende que se teñan analizado un importante número de mostras e o estudo de testemuñas de sondaxe, que permitirían facer unha caracterización pormenorizada dos sedimentos tanto da zona de dragado como na de deposición, porque logo non se utilizan eses datos á hora de argumentar as decisións que se toman; porque no proxecto utilízase unha descrición absolutamente groseira dos materiais, para xustificar unhas decisións de dragado e deposición que son anteriores a estes estudos.

Ao noso xuízo, coa simple consideración das imprecisións recollidas nesta alegación, abondaría para invalidar o proxecto presentado na súa totalidade!

6ª.- E resulta especialmente preocupante a absoluta falta de argumentos xustificativos en todos os documentos sometidos á exposición pública, no que fai aos efectos que os dragados e a “colocación” das areas dragadas nas zonas receptoras vaian ter sobre a mellora da produción de moluscos bivalvos e ao medio natural no seu conxunto. Limítanse, en efecto, a emitir meras conxecturas e á especulación gratuíta acerca dunha posíbel mellora na produción de bivalvos de determinadas especies (*Cerastoderma edule*, *Venerupis pullastra*, *Venerupis rhomboides*, *Ruditapes decussatus* ou *Ruditapes philiphynarum*) e nin sequera se considera como afectaría a outras especies bentónicas e nectónicas de interese comercial como a navalla ou o longueirón que tamén se recollen na zona, aos cultivos de mexillón ou a outras especies de peixes, moluscos e crustáceos sometidos a explotación ou non. De feito, non se pode descartar que, lonxe de producirse unha mellora, a obra proxectada puidera producir un empeoramento tanto ambiental como produtivo nas zonas afectadas. O propio documento ESTUDO DA DINÁMICA LITORAL PARA A DRAGAXE DO RÍO LÉREZ E ANÁLISE DA DISPOSICIÓN DA VERTEDEURA DO MATERIAL, na súa páxina 30, deixa ver esta posibilidade cando afirma que “Sobre o banco dos Praceres, o descenso das correntes indica un probable aumento da sedimentación. Debido as reducidas taxas de transporte que actúan sobre este banco, é probable que esta redución supoña o depósito preferente de materiais finos, o que podería degradar a calidade dos sedimentos superficiais do banco”.

A falta de garantías de que o proxecto proposto vaia ter beneficios sobre as zonas afectadas e sobre as especies estudadas, sexan de interese comercial ou non, debería facer recapacitar sobre a idoneidade do proxecto.

7ª.- E non menos preocupante resulta o denominado ESTUDO DA DINÁMICA LITORAL PARA A DRAGAXE DO RÍO LÉREZ E ANÁLISE DA DISPOSICIÓN DA VERTEDEURA DO MATERIAL; a súa baixa calidade e a absoluta falta de solvencia técnica que revela este informe, abundan nas profundas incertezas asociadas ás actuacións que se pretende realizar, e debera facer tomar nota á administración para, no futuro, evitar malgastar fondos públicos en traballos semellantes.

Resulta especialmente delirante o Capítulo 4 deste estudo, no que, sen que se saiba cal pode ser o propósito, vértense unha serie de opinións disparatadas sen o máis elemental soporte epistemolóxico nin a máis leve base argumental. En base a un conxunto fragmentario de ortofotografías, das que se descoñece incluso o estado da marea en cada unha delas, realízanse unha serie de afirmacións que superan o terreo do subxectivo para situarse directamente no do desatino. Diante do “Informe sobre la situación productiva del marisqueo en la parte interna de la Ría de Pontevedra” realizado polas confrarías de Lourizán, Pontevedra e Raxó en 2008, que recolle as observacións directas dos mariscadores sobre os impactos provocados nos bancos marisqueiros polos recheos ilegais do Porto de Marín, sen ningún tipo de fundamentación técnica e coa única intención de liberar á Autoridade Portuaria (para a que a empresa que realiza o estudo afirma ter traballado) de responsabilidade nos impactos que provocaron os citados recheos, realiza afirmacións que non son propias dun estudo desta categoría financiado con cartos que aporta o conxunto da sociedade.

Pero é que, ademais, este estudo, á hora de determinar a importancia dos factores que controlan a dinámica da ría, entra nunha flagrante contradición co que se afirma na memoria, que recoñece a importancia dos vertidos industriais nas correntes cando se asegura que **“ás augas costeira e fluvial se suman no interior da ría unha terceira masa de auga que son os vertidos das fábricas ENCE e ELNOSA”** destacando que na zona interna da ría **“a coexistencia de tres corpos de auga con salinidades e temperaturas diferentes, crea unhas condicións hidrodinámicas particulares, orixinando tanto as augas doces del río na súa saída pola marxe Oeste, como os vertidos pola marxe Este, un par de remuíños contrapostos que obrigan á auga da ría a entrar en forma de cuña, entre ambos xiros: ciclónico e anticiclónico”**. E tal é a contradición do ESTUDO DA DINÁMICA LITORAL... coa memoria que, cando se realiza a modelización das correntes, non se teñen en conta para nada os remuíños aos que fai referencia tal memoria, sendo aquí **“mareas, ventos locais, aportacións fluviais e afloramentos”** as únicas variábeis a considerar. E estas contradicións entre os distintos estudos, e o seu carácter errático, mantense ao longo dos mesmos, o que fai que perden toda validez pola súa incongruencia.

8ª.- O modelo numérico bidimensional utilizado para realizar simulacións resulta inapropiado. En efecto, resultaría útil para prever o comportamento das correntes superficiais pero non para prever en ningunha medida o transporte de sedimentos tanto en suspensión como por arrastre para o que é necesario utilizar un modelo tridimensional debidamente calibrado que contemple a capacidade de transporte nas capas profundas que son as que mobilizan os sedimentos.

9ª.- Polo que fai á simulación do comportamento dos sólidos en suspensión nas operacións de dragado, obxecto do capítulo 7 do ESTUDO DA DINÁMICA LITORAL ..., hai que dicir que atribúe aos materiais finos -os que por estar constituídos por partículas de pequenas dimensións son susceptibles de dispersarse de forma ampla- un tamaño de 0,02mm cando a realidade é que entre estes sedimentos hai partículas de diferentes tamaños. Así, para as arxilas, sen dúbida presentes nestes materiais finos, fíxase² un tamaño inferior a 0,004mm o que implica velocidades de sedimentación moi inferiores ás que se estiman para o modelo utilizado. Xa que logo o modelo numérico, ao utilizar datos de partida pouco realistas, simulará escenarios falseados que non amosan o verdadeiro impacto que provocarán os finos ao dispersarse a través da columna de auga.

10ª.- E, no que ás características dos sedimentos mobilizados se refire, chama poderosamente a atención que se poida afirmar que “todos os sedimentos caracterizados pertencen á categoría A (DCMD, 2015), polo que se trata de materiais que poderán verterse directamente ao mar excepto nas zonas de exclusión”. E chama a atención porque, “a priori”, é de agardar que moitas desas

² Tucker, M.E. (2013) Sedimentary Petrology: An Introduction to the Origin of Sedimentary Rocks. Ed.:John Wiley & Sons.

mostras presenten grados de contaminación elevados para algún dos parámetros considerados no estudo. E non se trata de mera intuición. Se observamos os datos recollidos na memoria realizada no 2009 para determinar a necesidade de elaborar un Estudo de Impacto Ambiental previo a calquera mobilización dos sedimentos, veremos que se apreciaba daquela que “todas as mostrax (a excepción de tres) superan algún dos valores límites polo que, considerando as estacións de mostraxe por separado, ningunha sería apta para empregarse como aporte a praias, seguindo as indicacións do CEDEX 2003. Si temos en conta o valor normalizado, pódese apreciar que, considerando o material como unha única unidade, supéranse os valores límite de nitróxeno, fósforo e contido en finos”. Resulta sorprendente que nun período de 6 anos teñan desaparecido os niveis de metais pesados (cadmio, cobre e mercurio), nitróxeno e COT que se tiñan atopado con anterioridade, o que nos leva a pensar que eses contaminantes non foron atopados nas mostrax consideradas neste novo estudo por cuestións metodolóxicas.

Dada a escasa credibilidade que nos inspira a empresa -por razóns reiteradamente expresadas ao longo deste escrito de alegacións- inclinámonos a pensar que esta, e non outra, é a razón que leva a que as mostrax sexan consideradas agora “libres de toda contaminación” e aptas para a súa utilización nesta controvertida actuación.

11ª.- E resulta igualmente sorprendente que se pretenda rexenerar uns bancos marisqueiros que, segundo indica a memoria, presentan niveis importantes de contaminación nos seus sedimentos, coa deposición destes novos aportes sedimentarios e areas que -por forza- teñen que ter unha forte carga orgánica e mesmo por metais pesados. Non podemos pasar por alto a sensación de estupor que nos invade ao valorar unha das propostas consideradas no proxecto para a mellora das actividades marisqueiras da Ría; estamos a falar do banco marisqueiro proposto para a zona da Illa de Tambo, un banco marisqueiro que estaría situado na zona de saída das augas residuais urbanas procedentes da depuradora de Os Praceres e do complexo ENCE-ELNOSA, a ambos lados do emisario submarino que os alonxa da costa. Semella unha absoluta temeridade pensar en cultivar marisco nunha zona na que está asegurada a chegada de vertidos de materia orgánica e mercurio!

12ª.- Xa por último, chamar a atención sobre un aspecto non menor. Se, tal como tratamos de demostrar ao longo das anteriores alegacións, o proxecto presentado non asegura solucionar o problema para o que foi redactado, que -no mellor dos casos- volverá a presentarse nun curto espazo de tempo, non semella correcto realizar a inversión económica que supón para un erario público que ten as arcas con escasos recursos.

En definitiva, estamos diante dun proxecto abocado ao fracaso nun curto prazo de tempo; que non aborda as causas que provocan o problema que se pretende solventar nin asegura os posibles efectos beneficiosos da actuación proposta para o medio nin para os sectores que realizan a súa actividade na explotación dos recursos marisqueiros, turísticos e deportivos; que non contou coa participación e o consenso de todos os actores que teñen algo que dicir no tema do saneamento e recuperación da Ría, e que reconece na práctica que non pretende ser máis que un parche ao problema. E se engadimos a todas estas importantes eivas, a escasa calidade técnica dos documentos presentados, a absoluta falta de solvencia e rigor do Estudo de Impacto Ambiental, e a falta de rigor e credibilidade do Estudo da Dinámica Litoral, teremos que concluir por forza que nos atopamos diante dun proxecto que debe ser rexeitado por ineficaz.

Neste sentido, en base ás consideracións expresadas nas alegacións presentadas

SOLICITAMOS

Que se deixe en suspenso este proxecto e se inicie un novo proceso de análise que valore, de forma realista e sen incertezas, os posibles impactos positivos e negativos que unha actuación como a que se describe nos documentos a exposición pública pode carrexar, e que, en base a este coñecemento, se realice un estudo custo-beneficio que determine si procede ou non a execución da mesma.

E para que conste, asina en Pontevedra a 22 de febreiro de 2017